

ANEXO III**Resumo do calendario de actividades de xuño.****Curso 2010/2011**

O/a director/a da Escola Oficial de Idiomas
pon no seu coñecemento que o calendario de actividades
docentes programadas para o final de curso, aprobado polo
claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas das probas da convocatoria ordinaria de xuño serán do ao

..... de de 2011.

O/a director/a,

Asdo.:

Inspectora de Educación

ANEXO IV**Resumo do calendario de actividades de xuño.****Curso 2010/2011**

O/a directora do Conservatorio de Música/Conservatorio de
Danza
pon no seu coñecemento que o calendario de actividades
docentes programadas para o final de curso, aprobado polo
claustro, recolle o seguinte:

O último día de clase será o
As datas da avaliación conxunta dos alumnos serán do ao
As probas de acceso realizaranse do ao

..... de de 2011.

O/a director/a,

Asdo.:

Inspector/a de Educación

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

Orde do 28 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e a outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT982D).

Un dos principais recursos turísticos de Galicia é o seu patrimonio cultural material e inmaterial.

Galicia ten unha cultura propia arraigada nos nosos pobos e xentes que se amosa cada ano amable ao visitante foráneo a través das diferentes manifestacións festivas que teñen lugar ao longo do ano por toda a xeografía galega.

Nestas manifestacións culturais e lúdicas cada concello presenta o mellor de si mesmo aos participantes organizando xornadas sobre a gastronomía, a artesanía ou as tradicións máis salientables.

Por iso a Secretaría Xeral para o Turismo considera que as festas dos nosos concellos son un recurso que hai que manter e potenciar, especialmente aquelas que polas súas características e singularidades teñen un recoñecemento e prestixio a nivel autonómico, estatal ou internacional xa que a súa celebración provoca un importante pulo de atracción turística.

Así, para os efectos de axudar á mellora global da oferta turística de Galicia é polo que, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, con base no establecido sobre medidas de fomento nos artigos 54 e 55 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócanse axudas destinadas ao apoio a festas populares e outros eventos turísticos para o ano 2010.

Por iso, no uso das facultades que me foron conferidas, segundo os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, por que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos concellos galegos para o apoio, promoción e difusión de festas, romarías, exposicións, festivais, certames, congresos e outros eventos similares de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Solicitudes.

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

En caso de dúbida ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral para o Turismo por medio do teléfono 981 54 63 60 o 981

54 74 06, do número de fax 981 546 371 ou do enderezo de correo electrónico axudas.dxt@xunta.es.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse na oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses.

Artigo 5º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral para o Turismo, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web da consellería, na súa epígrafe de axudas (<http://culturaeturismo.xunta.es/>).
- b) Os teléfonos 981 54 63 60 ou 981 54 74 06 da devandita secretaría xeral.
- c) O enderezo electrónico axudas.dxt@xunta.es
- d) Presencialmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a secretaria xeral para o Turismo para ditar as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas aos concellos galegos para o apoio, promoción e difusión de festas, romarías, exposicións, festivais, certames, congresos e outros eventos similares de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto sufragar parcialmente os investimentos directamente vinculados ao apoio, promoción e difusión de festas, romarías, exposicións, festivais, certames, congresos e outros eventos similares de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

As celebracións dos eventos xirarán en todo caso ao redor de manifestacións de tipo cultural, lúdico, folclórico, artístico, relixioso, gastronómico, deportivo ou ambiental; deberán acentuar a valoración das tradicións populares, posuirán unha especial importancia como atractivo turístico para o pulo económico da zona de influencia e consistirán na organización, desenvolvemento e promoción de festas populares e doutras manifestacións de carácter similar.

Non será requisito que a actuación conte coa declaración de interese turístico regulada no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consejo Gallego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico (DOG nº 36 do 20 de febreiro de 2001) e na Orde ITC/1763/2006, de 3 de maio, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional. (BOE nº 135, do 7 de xuño).

Así mesmo, cómpre sinalar que a obtención de subvención non suporá o recoñecemento de interese turístico para os efectos do previsto no artigo 53 da Lei 14/2008, do 3 de decembro.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles gastos que de maneira indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan efectivamente realizados no ano 2010. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só será subvencionable un evento por solicitante, a non ser que a solicitude afecte a máis dunha festa declarada de interese turístico.

Segundo a natureza das actuacións que se executen deberá figurar de modo visible, se é o caso, que se trata dunha acción subvencionada pola Consellería de Cultura e Turismo, Secretaría Xeral para o Turismo, cos logotipos correspondentes.

4. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

5. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. Ás subvencións relativas ao apoio, promoción e difusión de festas, romarías, exposicións, festivais, certames, congresos e outros eventos similares de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia obxecto desta orde dedícase un orzamento total de 900.000 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria e 11.02.761A.760.1 do orzamento de gastos da Consellería e Cultura e Turismo, todo isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9º.

2. Os proxectos que se recollen nesta orde como actuacións subvencionables poderán acadar un máximo de axuda de ata o 40%, cun máximo de 30.000 euros.

Considéranse gastos subvencionables aqueles relacionados coa promoción e difusión turística do evento como publicidade, cartellaría, anuncios nos diferentes medios de comunicación, actuacións, material gravado referido ao evento, etc.

No caso de celebración de festas gastronómicas serán subvencionables os gastos de adquisición do produto obxecto da festa.

Non serán obxecto de subvención aqueles eventos en que o orzamento total sexa inferior a 5.000.-€, nin aqueles en que os gastos subvencionables sexan inferiores a 2.000 €.

3. Nestas axudas é posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros

entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen o investimento total no evento.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan as únicas entidades organizadoras das festas populares e outros eventos ou actuacións de carácter similar de interese turístico incluídas no obxecto desta convocatoria que se celebren durante o ano 2010.

Os requisitos para ser beneficiarios deberán cumprirse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estaren incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable dos interesados.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo do anexo II subscrita polo órgano competente do concello solicitante.

b) Certificación do secretario da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención e de financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ate o importe total da execución prevista segundo a documentación presentada coa solicitude.

c) Memoria explicativa da actividade que se vaia desenvolver na cal, cando menos, se reflectirán os seguintes aspectos: breve historia do evento, datas de realización, datos sobre a afluencia de visitantes en edicións anteriores e previsións para a edición actual, incidencia económica do evento e zona de influencia, número de edicións celebradas, características singulares, etc., que se complementará coa correspondente documentación gráfica acreditativa (programas, carteis, etc.). Tamén se mencionarán os medios propios, materiais e humanos, necesarios para a súa organización e, así mesmo, referirase o grao e tipo de participación, colaboración ou apoio doutras entidades públicas ou privadas para o desenvolvemento seu.

d) Orzamento detallado por conceptos de gasto de todos os gastos directamente vinculados á actividade para a cal se solicita a subvención.

e) No caso de que a entidade necesite concertar cun terceiro a execución da actividade obxecto de

subvención, ten que presentar os documentos e cumprir os requisitos de acordo co establecido no artigo 16º destas bases.

f) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións.

g) Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

A Secretaría Xeral para o Turismo reservará para si a facultade de solicitar a información complementaria que considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación do proxecto presentado.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura en poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instructor poderalle requirir ao solicitante a presentación da documentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento; para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Consellería de Cultura e Turismo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificios administrativos San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela; ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Secretaría Xeral para o Turismo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e correspóndelle ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo, ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellar, o órgano

competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión en que se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O/A secretario/a xeral para o Turismo, que a presidirá.

b) O/a xefe/a dos departamentos territoriais da Consellería de Cultura e Turismo de cada un dos departamentos territoriais.

c) O/A xefe/a do Servizo de Xestión e Fomento da Secretaría Xeral para o Turismo, que exercerá as funcións de secretario/a.

d) O/A xefe/a do Servizo de Cooperación Institucional, Promoción e Formación da Secretaría Xeral para o Turismo.

e) O/A xefe/a do Servizo de Inspección da Secretaría Xeral para o Turismo.

f) O/A xefe/a do Servizo de Ordenación do Turismo, da Secretaría Xeral para o Turismo.

g) O/A xefe/a da Área de Edicións e Publicacións de Turgalicia.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Secretaría Xeral para o Turismo.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos

de colaborar na revisión e valoración dos documentos presentados xunto coa solicitude.

6. No informe de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte, a contía do orzamento subvencionable determinado a partir do orzamento total e a porcentaxe que lle corresponde aplicar ao dito orzamento de xeito proporcional á puntuación obtida para determinar a contía da subvención, ata esgotar o crédito dispoñible.

7. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre se se producir algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes, tendo cada unha deles o peso que se especifica:

a) A declaración de interese turístico internacional da festa (20%).

b) A declaración de interese turístico estatal da festa (20%).

c) A declaración de interese turístico de Galicia da festa (20%).

d) A súa implantación atendendo ao número de participantes (20%).

e) A programación innovadora dun evento con impacto turístico (20%).

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución provisoria debidamente motivada que será notificada ao interesado para que, nun prazo de dez días, poida formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no artigo 21.4º.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia e examinadas, se for o caso, as alegacións, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, que se elevará ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará no prazo de 15 días desde a elevación da proposta a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ou a relación de solicitantes a que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes e causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou investimento total.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se dictar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderá remitirse os beneficiarios para que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes con-

tado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Cando por circunstancias técnicas se varíe o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidan no investimento subvencionable, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o beneficiario solicite a modificación para a súa avaliación antes do desenvolvemento do proxecto.

b) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

c) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

d) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda ou subvención.

Por proposta da Secretaría Xeral para o Turismo, a Consellería de Cultura e Turismo dará a súa conformidade ou denegará as ditas modificacións.

3. O acto por que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Cultura e Turismo, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa

aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa en contra, se entenderá tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

1. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura e Turismo, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, para o que se presentará canta información lle sexa requirida.

2. Comunicar á Consellería de Cultura e Turismo a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

3. Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención sen que proceda ningún cambio da actividade para a cal se concedeu a axuda, agás modificacións ou prórrogas autorizadas pola Secretaría Xeral para o Turismo.

4. Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade subvencionada, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou desfrute da axuda.

5. Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido da subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora producidos desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

*Incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

*Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

*Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impidiren.

*Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamentou a subvención.

*Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera administración ou ente público ou privado.

*Nos demais supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no resto da normativa reguladora da subvención.

6. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento dos seus activos con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura e Turismo. Para isto empregarán a inscrición «Proxecto financiado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa inscrición «Consellería de Cultura e Turismo-Secretaría Xeral para o Turismo». Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención.

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet, deberán realizarse en lugar visible as citadas referencias na súa páxina de inicio.

Cando se materialice nunha aplicación informática, deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación «axuda», «acerca de» ou similares).

Cando o proxecto der lugar a documentación (manuais, cadernos, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na contraportada das ditas publicacións as citadas referencias.

Cando se trate de obras arquitectónicas os beneficiarios deberán colocar unha placa explicativa permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de 6 meses a partir da conclusión da obra. Na placa indicarse o tipo e nome da operación, que ocupará como mínimo o 25% da placa. Durante a execución da operación, o beneficiario colocará un cartel no lugar das operacións. Concluída a operación, o cartel substituirase pola placa explicativa permanente.

Artigo 16º.-*Subcontratación.*

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, por unha soa vez, as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, tendo en conta o

disposto neste artigo e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria da subvención e as actividades que se pretenda subcontratar realizaranse necesariamente con posterioridade á súa autorización e en ningún caso suporán un aumento do custo da actividade subvencionada.

b) A subcontratación para as actividades obxecto desta convocatoria exige autorización previa, que se notificará só nos casos en que esta sexa favorable xunto coa resolución de concesión da subvención. O contrato realizarase por escrito.

c) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias das subvencións serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos nestas bases reguladoras canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

d) Os subcontratistas están obrigadas/os a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores cuxos pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a non ser que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, a non ser que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación

por duplicado exemplar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2010. Cando o evento subvencionado se celebre con posterioridade a esta data, a xustificación presentarase en todo caso antes do 31 de decembro de 2010, a non ser que na resolución de concesión se fixe un prazo de xustificación específico para cada evento.

a) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo III.

b) Memoria da actuación realizada a que se xuntarán os carteis, folletos, fotografías ou calquera outra documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada.

c) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas acreditativas dos gastos subvencionados xunto cos xustificantes das transferencias bancarias que acrediten o seu pagamento.

De acordo co establecido no artigo 42.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se o gasto é inferior a 1.000 € poderá aceptarse a xustificación do pagamento mediante a presentación da factura co recibo do provedor.

d) Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, da Administración autonómica (sempre e cando non exista autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a información relativa ás axudas solicitadas), das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

e) Certificación orixinal da entidade bancaria acreditativa da titularidade da conta, de ser o caso.

f) Declaración expresa sobre os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º desta orde.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución da concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas. Se o investimento xustificado for menor, e sempre mantendo os fins para os cales se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao importe xustificado.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Cando se soliciten pagamentos parciais, ademais da presentación da documentación indicada no artigo 14º, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro):

a) Os pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe que establezan as bases reguladoras.

b) O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

3. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

4. De acordo co previsto no artigo 65.4º i) do Decreto 11/2009 quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios que soliciten pagamentos parciais.

5. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola entidade beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

Artigo 19º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20º.-Control.

1. A Consellería de Cultura e Turismo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 21º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 euros), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 22º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral para o Turismo

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS CON DESTINO AO APOIO ÁS FESTAS POPULARES E OUTROS EVENTOS DE CONTIDO TURÍSTICO NO ANO 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT982D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PROVINCIA	CONCELLO	CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ¹	NIF	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS	TELÉFONO	FAX
	CORREO ELECTRÓNICO	

DESCRICIÓN DO EVENTO

--

EXPÓN:

Que, vista a orde de subvencións publicada no DOG nº de de 200

e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que se xunten, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de realizar o proxecto de:

--

SOLICITA:

Unha subvención para a celebración da festa/evento descrito.

¹ Neste caso débese actuar no procedemento conforme o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT982D).</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL <i>Lugar e data</i>		RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____
		DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___

Secretaría Xeral para o Turismo.
Consellería de Cultura e Turismo.

ANEXO III

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO		CIF	Nº CLAVE EXPEDIENTE
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA		INVESTIMENTO XUSTIFICADO

Don/Dona

en nome e representación de

titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

EXPÓN:

Que ten executado o investimento relativo á celebración de

por un importe de (euros).

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, segundo o sinalado no artigo 17º da antedita orde, presenta por duplicado, a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento segundo o modelo do anexo III.
- Memoria detallada da actuación realizada, coa que se achegarán carteis, folletos, fotografías ou calquera outra documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada.
- Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas acreditativas dos gastos subvencionados, xunto cos xustificantes das transferencias bancarias que acrediten o seu pagamento. De acordo co establecido no artigo 42.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se o gasto é inferior a 1000 €, poderá aceptarse a xustificación do pagamento mediante a presentación da factura co recibo do proveedor.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, da Administración autonómica, das distintas Administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais (anexo V).
- Certificación orixinal da entidade bancaria acreditativa da titularidade da conta en que conste o código do banco, o código de sucursal, o díxito de control e o código de conta corrente, de ser o caso.
- Declaración expresa sobre os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º desta orde (anexo V).

SOLICITA:

Que se lle liquide a subvención concedida polo importe de

que corresponden á execución do investimento aprobado.

, de de

O/A representante legal da entidade

Don/Dona:

ANEXO IV

MODELO DE ACEPTACIÓN/RENUNCIA

Nº CLAVE EXPEDIENTE

Don/Dona [] , con DNI nº []
actuando en nome e representación da entidade [] , que ten o seu
domicilio en []

MANIFESTA:

Que o día [] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da orde do []
pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao
apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, para a celebración
de [] , por unha contía de [] (euros).

DECLARA:

- Que ACEPTA a subvención concedida nos termos establecidos na antedita orde, na resolución de concesión e demais normativa de aplicación.
- Que RENUNCIA á subvención concedida, para os efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

, de de

Asdo.:

ANEXO V

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS PARA A MESMA FINALIDADE

Don/Dona en calidade de SECRETARIO/A do
 concello de

DECLARA:

- NON TEN SOLICITADA NIN, EN CONSECUCIÓN, CONCEDIDA AXUDA NINGUNHA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO A QUE SE REFIRE A PRESENTE SOLICITUDE DE NINGUNHA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS.
- SE TEN SOLICITADA OU CONCEDIDA AXUDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO A QUE SE REFIRE A PRESENTE SOLICITUDE.

<i>DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA A QUE SE SOLICITOU A AXUDA</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>CONCEDIDA</i>	<i>PENDENTE DE RESOLUCIÓN OU DENEGADA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE OS COMPROMISOS A QUE SE FAI REFERENCIA NO ARTIGO 15º DESTA ORDE

A entidade beneficiaria da subvención adquire os
 compromisos e obrigas a que fai referencia o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais obrigas que resulten da
 normativa aplicable.

Lugar e data

, de de

Asdo.:

Secretaría Xeral para o Turismo.
 Consellería de Cultura e Turismo.